XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tflno. 881 93 03 50
ies.telleiras@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras

IES As Telleiras

# Programación didáctica

## Departamento de GREGO

Curso 2022—2023

IES As Telleiras

# Índice:

0.- Introdución e contextualización ....5
1.- GREGO ....6
1.1. 2º BACH ....6
1.1.1.1 Competencia en comunicación lingüística ....6
1.1.1.2 Competencia en matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía ....6
1.1.1.3 Competencia dixital ....6
1.1.1.4 Aprender a aprender ....7
1.1.1.5 Competencias sociais e cívicas ....7
1.1.1.6 Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor ....7
1.1.1.7 Competencia en conciencia e expresións culturais ....7
1.1.2. Obxectivos ....7
1.1.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable (os estándares mínimos esixibles en cada avaliación en calquera caso aparecen en *cursiva*) ....9
1.1.3.1 1ª AVALIACIÓN ....9
1.1.3.2 2ª AVALIACIÓN ....11
1.1.3.3 3ª AVALIACIÓN ....13
1.1.4. Concrecións metodolóxicas ....16
1.1.5. Materiais e recursos didácticos ....16
1.1.6. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción ....17
1.1.6.1 Procedementos e instrumentos de avaliación ....17
1.1.6.2 Criterios de cualificación ....18
1.1.6.3 Avaliación extraordinaria ....20
1.1.7. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas ....21
1.1.8. Medidas de atención á diversidade ....21
1.1.9. Elementos transversais ....22
1.1.9.1 Actuacións no seo do Plano de Igualdade ....23
1.1.9.2 1ª AVALIACIÓN ....24
1.1.9.3 2ª AVALIACIÓN ....26
1.1.9.4 3ª AVALIACIÓN ....28
1.1.10. Actividades complementarias e extraescolares ....30
1.1.11. Acreditación de coñecementos previos ....30

2.- ORATORIA ....30
2.1. 2º ESO ....30
2.1.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave ....30
2.1.1.1 Competencia en comunicación lingüística (CCL) ....30
2.1.1.2 Competencia dixital (CD) ....31
2.1.1.3 Conciencia e expresión cultural (CCEC) ....31
2.1.1.4 Aprender a aprender (CAA) ....31
2.1.1.5 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) 31
2.1.1.6 Competencia social e cívica (CSC) ....31
2.1.1.7 Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) ....32
2.1.2. Obxectivos ....32
2.1.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable (os estándares mínimos esixibles en cada avaliación en calquera caso aparecen en cursiva) ....33
2.1.3.1 PRIMEIRA AVALIACIÓN ....33
2.1.3.2 2ª AVALIACIÓN ....35
2.1.3.3 3ª AVALIACIÓN ....37
2.1.4. Concrecións metodolóxicas ....40
2.1.5. Materiais e recursos didácticos ....41
2.1.6. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción ....41
2.1.6.1 Procedementos e instrumentos de avaliación ....41
2.1.6.2 Criterios de cualificación ....42
2.1.6.3 Criterios de avaliación ....43
2.1.7. Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente ....44
2.1.8. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas ....44
2.1.9. Medidas de atención á diversidade ....44
2.1.10. Elementos transversais ....45
2.1.10.1 1ª AVALIACIÓN ....47
2.1.10.2 2ª AVALIACIÓN ....48
2.1.10.3 3ª AVALIACIÓN ....50
2.1.11. Actividades complementarias e extraescolares ....52
2.1.12. Acreditación de coñecementos previos ....52
3.- Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente. Avaliación da programación ....52

4.- Información ás familias ....................................................................................................53

# 0.- Introdución e contextualización

O IES As Telleiras está situado en Narón, un concello da provincia da Coruña situado entre a ría de Ferrol e o océano Atlántico e pertencente á comarca de Ferrol, sendo na actualidade a área de expansión urbana máis importante da comarca; ten unha superficie de 66,91 km cadrados e limita cos concellos de Ferrol, Valdoviño, San Sadurniño e Neda. Segundo o IGE en 2020 tiña 39.056 habitantes, dos que 20.177 son mulleres e 18.879 homes; isto convértea na oitava vila de Galicia sendo o cuarto núcleo de poboación na provincia da Coruña despois da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol. O aumento moderado da poboación nos últimos anos e o mantemento deste nivel de crecemento está ligado á creación de infraestruturas propias no concello, servizos, autoestrada, polígonos industriais e ordenamento urbanístico

Trátase dun concello mixto, con sete parroquias (Castro, Doso, Pedroso, San Xiao de Narón, Sedes, Trasancos e O Val) eminentemente rurais nas que viven menos da cuarta parte da poboación e cun núcleo urbano de máis de 29.000 habitantes formado polos barrios da Gándara, A Solaina, O Alto do Castiñeiro, Piñeiros, O Couto, Freixeiro e Xuvia, destacando pola súa poboación as catro primeiras.

Con respecto ao alumnado, este ten unha procedencia heteroxénea, reflexo do concello onde se atopa; a maior parte do alumnado que temos no centro é de procedencia galega, e hai escasa incidencia de alumnado doutras etnias e doutras nacionalidades.

O Centro atópase na estrada de Cedeira, afastado do núcleo de poboación e sen transporte público, o que dificulta o acceso da comunidade educativa ás súas instalacións fóra do horario lectivo. Este feito inflúe negativamente na participación na vida do centro por parte do alumnado, pois sempre será preciso que sexan transportados polas súas familias se queren participar nalgunha actividade que se faga pola tarde.

O Departamento de Grego está constituído, tamén este curso 2022-2023 como nos anteriores, por unha única persoa con destino definitivo, dona Elba Granado Sánchez, Xefa de Departamento, que imparte as materias de *Grego I* (1º Bacharelato grupos C e D) e *Grego II* (2º Bacharelato grupo D), *Cultura Clásica* (3º ESO, grupo C ) e *Oratoria* (2º ESO, grupo A). Así mesmo leva de novo este curso a Coordinación da Biblioteca do centro.

O Latín y o Grego son as linguas nas que se formularon as bases da nosa cultura occidental, xa que foron as linguas nas que foi transmitido o coñecemento ata o século XIX; estudadas, o Latín no último ano da ESO e ambas as dúas linguas no Bacharelato, contribúen a desenvolver o pensamento lóxico, a consolidar a formación lingüística do alumnado no estudo da súa lingua e na aprendizaxe doutros idiomas e a ampliar s os seus coñecementos e referentes culturais.

Polo que respecta ás materias que dependen do noso departamento, só Grego II (2º de Bacharelato) é unha materia con continuidade; este feito determina, como de costume, que dediquemos o primeiro trimestre ao repaso e ampliación dos contidos de carácter gramatical tratados en Grego I.

Con respecto aos estándares mínimos esixibles en todo caso, figuran sempre destacados en *cursiva* no mesmo apartado antes citado ("Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable").

Ante a posibilidade de que se puidese producir unha interrupción das clases presenciais ou que ao longo do curso unha parte do alumnado non puidese asistir ás clases presenciais, as aulas virtuais estarán sempre actualizadas, con apuntamentos e exercicios que permitan a todo alumnado seguir a marcha normal do curso. Para máis información, poden consultarse os apartados de "Concrecións metodolóxicas" correspondentes a cada materia.

# 1.- GREGO

## 1.1. 2º BACH

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A través dos elementos do seu currículo, o estudo da lingua e cultura gregas contribúen de modo directo á adquisición das competencias clave.

#### 1.1.1.1 Competencia en comunicación lingüística

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

#### 1.1.1.2 Competencia en matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

Esta materia contribúe á competencia matemática cando os alumnos elaboran ou interpretan mapas e traballan con elementos espaciais, así como cando utilizan e analizan gráficos referentes á xeografía e poboación dos antigos gregos.

A adquisición dun vocabulario científico-técnico procedente de lexemas gregos axuda notablemente a alcanzar os coñecementos científicos que permiten desenvolver as competencias básicas en ciencias e tecnoloxía. Non en vano foron os pensadores gregos os primeiros que codificaron de algunha maneira a linguaxe científica.

#### 1.1.1.3 Competencia dixital

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento; a procura de información na

rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

#### 1.1.1.4 Aprender a aprender

O profesorado que imparte esta materia deberá xerar a suficiente curiosidade nos alumnos por coñecer o mundo clásico, a necesidade de aprender tanto os aspectos lingüísticos, como os culturais, reflexionado sobre a utilidade dos contidos para a súa propia formación. Tamén se deberá producir unha continua e axeitada reflexión sobre o proceso de aprendizaxe dunha lingua clásica partindo dos coñecementos previos da súas propias linguas. O alumnos deberán participar na creación de estratexias posibles para a adquisición dos coñecementos lingüísticos que nos achega o estudo do grego clásico.

#### 1.1.1.5 Competencias sociais e cívicas

As competencias sociais e cívicas poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político- social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

#### 1.1.1.6 Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

#### 1.1.1.7 Competencia en conciencia e expresións culturais

A competencia en conciencia e expresión cultural, ademais de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

### 1.1.2. Obxectivos

1. Coñecer e utilizar os fundamentos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega, iniciándose na interpretación e tradución de textos en grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa, estudando o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos
2. Reflexionar sobre o léxico de orixe grega presente na linguaxe cotiá e na terminoloxía científica, identificando étimos, prefixos e sufixos gregos que axuden a unha mellor comprensión da lingua propia e das linguas modernas.
3. Analizar textos gregos, orixinais, adaptados e traducidos, realizando unha lectura comprensiva e distinguindo as súas características principais e o xénero literario ao que pertencen.

4. Utilizar de maneira crítica fontes de información variadas, obtendo delas datos relevantes para o coñecemento da lingua e da cultura estudadas.

5. Recoñecer e valorar a contribución da literatura grega como base da literatura e a cultura europea e occidental.

## 1.1.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable (os estándares mínimos esixibles en cada avaliación en calquera caso aparecen en *cursiva*)

### 1.1.3.1 <u>1ª AVALIACIÓN</u>

| **Bloque 1,- Lingua grega** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec.. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. CCL, CD, CCEC | 50% | X | X | X | | | | X | | | | | | | |
| ▪ GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución. CCL, CAA | 50% | X | X | X | | | | X | | | | | | | |

| **Bloque 2.- Morfoloxía** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec.. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B2.1.1. *Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. CCL* | 100% | X | X | X | | | | X | | | | | | | |
| ▪ GR2B2.2.1. *Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen. CCL* | 100% | X | X | X | | | | X | | | | | | | |

| Bloque 3.- Sintaxe | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B3.4.1. *Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas. CCL* | 100% | X | X | X | | | | X | | | | | | | |
| ▪ GR2B3.7.2. *Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán. CCL* | 100% | X | X | X | | | | X | | | | | | | |
| ▪ GR2B3.1.1. *Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos. CCL* | 100% | X | X | X | | | | X | | | | | | | |
| ▪ GR2B3.2.1. *Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais. CCL* | 100% | X | X | X | | | | X | | | | | | | |
| ▪ GR2B3.4.1. *Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas. CCL* | 100% | X | X | X | | | | X | | | | | | | |

| Bloque 4.- Literatura | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B4.1.1. *Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos. CCL, CCEC* | 50% | X | X | X | | | | X | X | | | | X | | |
| ▪ GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega. CMCCT, CCEC | 50% | X | X | X | | | | X | X | | | | X | | |

| Bloque 5.- Textos | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec.. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B5.1.1. *Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. CCL* | 100% | X | X | X | | | | X | | | | | | | |
| ▪ GR2B5.2.1. *Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a. CCL, CD* | 100% | X | X | X | | | | X | | | | | | | |

| **Bloque 6.- Léxico** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B6.1.1. *Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. CCL* | 100% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |
| ▪ GR2B6.3.1. *Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán. CCL* | 50% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |

## 1.1.3.2 2ª AVALIACIÓN

| **Bloque 1.- Lingua grega** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. CCL | 25% | X | X | X | | | | X | X | | | | | | |

| **Bloque 2.- Morfoloxía** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes. CCL | 50% | X | X | X | | | | X | X | | | | | | |
| ▪ GR2B2.5.1. *Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical. CCL* | 100% | X | X | X | | | | X | X | | | | | | |

| **Bloque3.- Sintaxe** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec.. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B3.6.1. *Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. CCL* | 100% | X | X | X | | | | X | X | | | | | | |
| ▪ GR2B3.6.2. *Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. CCL* | 100% | X | X | X | | | | X | X | | | | | | |

| **Bloque 4.- Literatura** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec.. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles. CCL, CCEC | 50% | X | X | X | | | | X | | | | | X | | |
| ▪ GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior. CCEC | 50% | X | X | X | | | | X | | | | | X | | |
| • GR2B4.5.1. *Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.(CD, CCEC)* | 50% | X | X | X | | | | X | | | | | X | | |

| **Bloque 5.- Textos** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec.. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos. CCL, CCEC | 50% | X | X | X | | | | X | X | | | | X | | |

| **Bloque 6.- Léxico** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec.. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B6.2.1. *Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden. CCL* | 50% | X | X | X | | | | X | X | | | | | | |
| ▪ GR2B6.3.2. *Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza. CCL* | 50% | X | X | X | | | | X | X | | | | | | |

### 1.1.3.3 <u>3ª AVALIACIÓN</u>

| **Bloque 3.- Sintaxe** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B3.3.1. *Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega. CCL* | 100% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |
| ▪ GR2B3.5.1. *Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes. CCL* | 100% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |
| ▪ GR2B3.7.1. *Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. CCL* | 100% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |
| ▪ GR2B3.7.2. *Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán. CCL* | 100% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |

| **Bloque 4.- Literatura** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec.. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B4.2.2. *Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura. CCL* | 50% | X | X | X | | | | X | X | | | | X | | |

| **Bloque 5.- Textos** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec.. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B5.4.1. *Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. CSC, CCEC* | 50% | X | X | X | | | | X | X | | | | X | | |
| ▪ GR2B5.5.1. *Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. CCL* | 50% | X | X | X | | | | X | X | | | | X | | |

| **Bloque 6.- Léxico** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ▪ GR2B6.6.1. *Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado. CCL* | 50% | X | X | X | | | | X | X | | | | | | |
| ▪ GR2B6.6.2. *Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia. CCL* | 50% | X | X | X | | | | X | X | | | | | | |
| ▪ GR2B6.4.1. *Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica. CCL* | 50% | X | X | X | | | | X | X | | | | | | |

**Con respecto ao "Grao mínimo de consecución dos estándares avaliables" e os "Instrumentos e Procedementos de Avaliación" terase en conta:**

- Os estándares de aprendizaxe que figuran na táboa serán ademais valorados facendo un seguimento do **"traballo do alumno/a na aula e na casa"**, que suporá un 10% da nota da Avaliación. As actividades preparadas pola profesora serán do mesmo tipo que as propostas nas probas escritas. O seguimento dese traballo, que debe realizarse seguindo as pautas e os tempos indicados polo/a docente, permitirá establecer cando o/a alumno/a ten alcanzado a metade da puntuación indicada para este ítem.

**Observación:** tendo en conta as circunstancias especiais coas que afrontamos este curso (afianzamento de contidos vistos na etapa anterior, sensibilización do alumnado con respecto ás medidas hixiénicas e sanitarias, atención aos aspectos afectivo-emocionais, posibles episodios de traballo semipresencial ou telemático…), é posible que a impartición da materia se ralentice; por este motivo deixamos indicado en *cursiva* aqueles estándares que consideramos imprescindibles. Calquera cambio comunicarase ás familias e alumnado a través de distintas canles (Páxina Web do Centro, ABALAR...) se a Inspección educativa así o fai constar.

### 1.1.4. Concrecións metodolóxicas

Ao igual que no curso anterior, pártese dos textos gregos como elemento fundamental para a comprensión dos coñecementos lingüísticos correspondentes: a morfosintaxe nominal e pronominal; a morfoloxía verbal, cunha visión xeral de todos os tempos e modos, insistindo nos tempos máis frecuentes no grego (presente, imperfecto, futuro, aoristo, perfecto), os usos modais propios da lingua grega e as formas non persoais (participio e infinitivo) nas voces activa, media e pasiva.

Dentro da estrutura oracional, convén repasar de forma ampla as oracións simples e compostas, e presentar estruturas características da lingua grega como o xenitivo absoluto, as oracións de participio e de infinitivo. Os textos traballaranse de maneira progresiva mostrando estruturas lingüísticas de dificultade crecente sempre en textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa. Partindo de referencias tomadas destes mesmos textos, resulta fundamental identificar o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos e todo isto coa axuda de coñecementos adquiridos previamente.

Co obxectivo de conseguir unha visión global da lingua grega, abordarase o léxico e as etimoloxías para aprender, por medio de exercicios etimolóxicos, o vocabulario de orixe grega mantido ata os nosos días. Trátase de que os alumnos reflexionen sobre os procesos que interveñen na formación e evolución das palabras, identificando os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado e sendo capaces de remontalos aos étimos gregos orixinais; así mesmo cómpre que o alumnado recoñeza e identifique os procesos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, o que lle axudará a entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais e, consecuentemente, aumentará o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.

Ao longo do curso estudaranse, desde un punto de vista xenérico, as características esenciais dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativos, os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e a cultura europea e occidental e as súas influencias na literatura posterior; esta visión teórica completarase coa lectura de textos orixinais gregos traducidos co fin de coñecer máis a fondo os autores fundamentais da literatura grega coas súas obras principais.

Cómpre ter sempre en conta a importancia da análise morfosintáctica e tradución de textos, de aí a importancia de propoñer actividades deste tipo para os períodos vacacionais (Nadal, Antroido, Semana Santa) cun prazo de realización determinado; unha vez rematado este, ditas actividades correxiríanse de forma individual ou colectiva.

Ao mesmo tempo terase en conta a participación activa diaria nas clase e o traballo levado a cabo na casa a cotío, que permitirá en todo momento un control dos avances progresivos do alumnado na materia.

### 1.1.5. Materiais e recursos didácticos

Seguiremos a utilizar o manual en lingua galega *Grego 1º e 2º Bacharelato* , dos profesores José Manuel Bértolo Ballesteros y Matilde de Cal Cortina, de Baía Edicións (A Coruña), empregado como texto en cursos anteriores; trátase de unha eficaz ferramenta gramatical que aporta explicacións breves e sinxelas combinadas con textos orixinais e vocabularios de máxima frecuencia, aínda que neste 2º curso de Bacharelato o alumnado ten que familiarizarse co uso do dicionario. É por iso que

material fundamental para o normal desenvolvemento das clases e a aprendizaxe dos alumnos é o *Dicionario Grego-Castelán* da editorial Vox, indispensable para a tradución; a escolma dos textos propostos para análise e tradución morfosintáctica será feita pola profesora tendo como fonte textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa. Así mesmo para a lectura das obras dos autores máis representativos dos xéneros da literatura grega temos a disposición exemplares de traducións en castelán e galego de ditas obras nos fondos bibliográficos da nosa biblioteca e/ou en formato PDF.

Outros materiais a empregar co fin de ofrecer un panorama máis completo serán mapas históricos en formato dixital, sinxelos documentais sobre aspectos concretos do mundo grego...

## 1.1.6. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción

### 1.1.6.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

O feito de tratarse dunha lingua e a metodoloxía empregada, baseada nun permanente control da actividade dos alumnos e da evolución dos progresos adquiridos, condiciona que o desenvolvemento do alumnado sexa avaliado continuamente; polo tanto, valorarase o traballo na aula e na casa dos alumnos cun 10% e a realización de probas escritas (sempre que a temporalización e a dinámica do curso o permitan, realizaranse en cada avaliación dúas probas escritas, 1º e 2º parcial), que constituirán o 90 % restante da nota final.

Os exames e as sesións de avaliación para este curso 2022-2023 da 2º Bacharelato terán lugar nos días e horas que determine a Xefatura de Estudos do centro.

As probas escritas realizaranse ao longo de cada período temporal de avaliación; deste xeito valorarase se a adquisición dos contidos programados para cada unha das avaliacións foi alcanzada de maneira satisfactoria, ou se, polo contrario, se detectan anomalías na correcta aprendizaxe e fose necesario intervir.

**Instrumentos:**

| | |
|---|---|
| Probas escritas | Peso 90 % |
| Traballo na aula e na casa | Peso 10 % |

**-Probas escritas**

Sempre que a temporalización e a dinámica do curso o permitan, realizaranse en cada avaliación dúas probas escritas (1º e 2º parcial) sobre os contidos estudados e farase a media ponderada das notas de ambas as dúas probas: o 1º exame vale o 50% e o 2º, o 50%. O resultado destas probas constituirá o 90% da nota da avaliación.

As probas incluirán cuestións de carácter teórico-práctico que versarán sobre contidos previamente explicados e analizados na clase:

1) Tradución dun texto grego clásico orixinal en prosa do historiador Xenofonte (ou de calquera outro autor grego que determine o grupo de traballo de Grego da CIUGA;

seguiranse en todo momento as orientacións e directrices da materia obxecto de exame na parte voluntaria da ABAU que se indiquen).

2) Cuestións:

a) Análise morfolóxica e sintáctica de elementos do texto que se traduce.

b) Identificación de helenismos de vocabulario común e de léxico especializado, explicando o seu significado a partir de étimos orixinais gregos presentes no texto proposto a exame e/ou previamente traballados na clase.

c) Preguntas sobre aspectos salientables das obras literarias gregas propostas como lecturas obrigatorias na ABAU ou das obras propostas para tradución.

**-Traballo na aula e na casa**

Este traballo en casa e na aula suporá un 10% da nota (1 punto) e valorarase o traballo realizado na **casa** (facer as tarefas que se solicitan- práctica de análise morfosintáctica e tradución de textos, exercicios de helenismos- ; facer as revisións e as corrección oportunas dos mesmos cando se corrixen na clase) e o traballo realizado na **aula** (seguimento das explicacións, participación activa positiva, preguntar dúbidas, saír voluntario/a nas clases para corrixir as tarefas propostas).

### 1.1.6.2 Criterios de cualificación

- A valoración obtida mediante o seguimento dos instrumentos anteriores permitirá coñecer a cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso. A nota final de cada avaliación será a suma dos dous instrumentos citados.

- As notas medias serán sempre obxecto de redondeo ao alza.

- Tras cada avaliación o alumnado que teña a materia suspensa deberá realizar un Boletín de Actividades de Reforzo (que incluirá exercicios similares aos da proba escrita), que entregará nunha data concretada e que servirá de recuperación da avaliación suspensa, téndose en conta para a media unha nota máxima de 5 puntos.
- A nota da Avaliación Ordinaria de xuño calcularase facendo a media ponderada entre as notas globais dos tres trimestres (20% a Primeira Avaliación, 35% a Segunda Avaliación e 45% a Terceira Avaliación).

O alumnado que acade unha cualificación de 5 ou máis nesa media ponderada aprobará o curso. En caso contrario, deberá presentarse á proba extraordinaria.

- A nota da Avaliación Ordinaria nunca será inferior á da terceira avaliación.
- Avaliación Extraordinaria: as probas da convocatoria extraordinaria celebraranse segundo o calendario que elabore o equipo directivo do centro. A cualificación será a obtida na proba obxectiva extraordinaria, na que se empregarán os criterios e estándares mínimos de avaliación indicados na programación.
- Desde a avaliación ordinaria final de 2º de Bacharelato ata o remate do curso realizaranse actividades de preparación da ABAU para o alumnado que aprobase o curso e actividades de reforzo e recuperación para o alumnado que deba presentarse á proba extraordinaria.

**Criterios de avaliación**

**BLOQUE 1. LINGUA GREGA**

- B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.
- B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución.
- B1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico.

**BLOQUE 2. MORFOLOXÍA**

- B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais.
- B2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais.
- B2.3. Coñecer as categorías gramaticais.
- B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.
- B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego.

**BLOQUE 3. SINTAXE**

- B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal.
- B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais.
- B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega.
- B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.
- B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas.
- B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo.
- B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.

**BLOQUE 4. LITERATURA**

- B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior.
- B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite.
- B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental.
- B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.

- B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.

**BLOQUE 5. TEXTOS**

- B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos.
- B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.
- B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.
- B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.
- B5.5. Identificar as características formais dos textos.

**BLOQUE 6. LÉXICO**

- B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais.
- B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado.
- B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.
- B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.
- B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua.
- B6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.

### 1.1.6.3 Avaliación extraordinaria

O alumnado que acade unha cualificación de 5 ou máis nesa media ponderada aprobará o curso. En caso contrario, deberá presentarse á proba extraordinaria.

| **Bloque 2.- Elaboración do discurso persuasivo** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec.. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB1.2.5. *Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor expresivo. CCL* | 50% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |
| ORB2.2.3. *Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón. CCL* | 50% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |
| ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual. CCL | 50% | X | X | | | | | X | X | | X | | | | |
| ORB2.5.1. *Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal. CCL, CAA* | 50% | X | X | | | | | X | X | | | | X | X | |
| ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación. CCL | 50% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |
| ORB2.7.1. *Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso. CCL, CAA* | 75% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |
| ORB2.8.1. *Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística. CCL, CAA* | 75% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |
| ORB2.8.2. *Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva. CCL, CAA* | 75% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |
| ORB2.9.1. Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e da coavaliación. CCL, CAA | 75% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |

| **Bloque 3.- A presentación do discurso persuasivo** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec. . | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PET | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB2.9.2. *Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica. CCL, CD, CAA* | 50% | X | X | X | | | | X | X | | X | | | | |
| ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais. CCL, CD, CAA, CCEC | 50% | X | X | | | | | X | X | | X | | | | |

| **Bloque 4.- Oratoria, valores e educación emocional** | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación** | | | | | | | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | Grao mínimo consec.. | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | | |
| | | PE | OTA | CdC | Rub | EPCT | PD | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade. CCL | 75% | X | X | | | | | X | X | | | | | | |
| ORB3.3.1. *Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio. CCL* | 75% | X | X | | | | X | X | X | | | | | | |
| ORB3.4.2. Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas. CCL | 50% | X | X | | | | | X | X | | | | X | X | |
| ORB4.3.3. *Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos. CSC, CSIEE* | 50% | X | X | | | | | X | X | | | | X | X | |
| ORB4.3.2. *Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas. CSIEE* | 50% | X | X | | | | X | X | X | | | | X | X | |

**Con respecto ao "Grao mínimo de consecución dos estándares avaliables" e os "Instrumentos e Procedementos de Avaliación" terase en conta:**

- Os estándares de aprendizaxe que figuran na táboa serán ademais valorados facendo un seguimento do **"traballo cotián do alumno/a na aula e na casa"**, que suporá un **10%** da nota da Avaliación. As actividades preparadas polo profesor/a serán do mesmo tipo que as propostas nas probas escritas. O seguimento dese traballo, que debe realizarse seguindo as pautas e os tempos indicados polo/a docente, permitirá establecer cando o/a alumno/a ten alcanzado a metade da puntuación indicada para este ítem.

## 2.1.4. Concrecións metodolóxicas

No caso de Oratoria, ao tratarse dunha materia que se aborda por primeira vez no currículo, non é necesario proxectar un Plan de reforzo por falta de continuidade, xa que non foi cursada anteriormente polo alumnado.

Cómpre pór o acento na orientación metodolóxica do tratamento da oratoria nas aulas. En primeiro lugar, o traballo debe ser fundamentalmente práctico: poucos contidos de carácter conceptual e moitas actividades que permitan desenvolver as destrezas fundamentais vinculadas coa materia, nomeadamente aquelas que teñen que ver coa oralidade, sen perder nunca de vista a necesidade de establecer un clima de confianza e seguridade que favoreza a expresión do alumnado. En segundo lugar, débese fomentar o traballo cooperativo, pois facilita a implicación do alumnado, permite desenvolver as competencias lingüística, social e cívica a través da interacción, e propicia a creación dun clima adecuado para a autoavaliación e a coavaliación. En terceiro lugar, resulta imprescindible a coordinación e o traballo interdisciplinar con outras materias: moitas das habilidades desta materia son comúns a outras (xestión da información, comprensión de lectura, escoita comprensiva, expresión escrita, etc.), polo que o tratamento integrado destes elementos competenciais suporá un mellor aproveitamento do tempo e redundará en beneficio da aprendizaxe do alumnado. En cuarto e último lugar, a metodoloxía de traballo por proxectos, sempre orientada á acción, á integración coherente de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes, e á creación dun produto real (un concurso de debate, a organización de conferencias ou presentacións, etc.), parece adecuada para mobilizar todos os elementos curriculares da materia.

Por estas razóns nesta materia de Oratoria faise necesaria unha metodoloxía específica e, por mor do carácter eminentemente práctico das clases, resulta indispensable crear e fomentar sempre unha relación do grupo co profesor/a e con todos e todas os compañeiros e compañeiras, ao tempo que un ambiente relaxado que favoreza actitudes de colaboración e de axuda recíproca. Nesta clase o alumnado actuará constantemente como actores e como espectadores dentro do grupo e, polo tanto, será preciso rotar os papeis de orador, intérprete, oínte puro e espectador crítico, evitando así que determinados alumnos monopolicen sempre unha mesma función. Non só atenderemos aos aspectos teóricos da materia, os cales serán simplemente instrumentais, senón que principalmente redundaremos nos aspectos prácticos (posta en escena, naturalidade, xestualidade, calidade da voz, posicións, maneiras de estar, entoación e vocalización …)

En resumo, o traballo será fundamentalmente práctico: poucos serán os contidos de carácter conceptual e moitas actividades prácticas que permitan desenvolver as destreza fundamentais vinculadas coa materia, sen esquecer que o traballo cooperativo é fundamental na aprendizaxe desta materia e, por outra parte, buscarase a coordinación, a cooperación e o traballo interdisciplinar con outros departamentos, pois as habilidades aprendidas nesta materia redundarán en beneficio de calquera outra aprendizaxe que poida adquirir o alumnado.

Todo o soporte (documentos en formato PDF, pequenos vídeos, propostas de actividades...) estaría a disposición do alumnado a través da Aula Virtual.

### 2.1.5. Materiais e recursos didácticos

Para este curso 2022-2023 non hai libro de texto proposto; traballaremos con materiais de elaboración propia que iremos subindo á Aula Virtual (documentos en formato PDF, actividades, pequenos vídeos...) e con recursos na rede que parezan interesantes para os distintos aspectos que se estean a tratar en cada momento do curso.

Na biblioteca teremos á nosa disposición todos os fondos bibliográficos en papel que nos podan aportar ideas e Internet aportaranos materiais moi interesantes para o visionado de documentos históricos onde os oradores de épocas e lugares diferentes permitirán ao alumnado comprobar a eficacia das palabras sobre os auditorios.

Así mesmo serán benvidas e ben recibidas as aportacións que desde os distintos departamentos didácticos nos fagan chegar para este proxecto, que temos o convencemento de que o éxito acadado pode redundar no desenvolvemento do currículo polo seu carácter interdisciplinar.

### 2.1.6. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción

#### 2.1.6.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

Se a avaliación é un proceso flexible, os procedementos haberán de ser variados. Para recoller datos poderemos servirnos de diferentes instrumentos:

– Probas orais ou escritas improvisadas sobre un tema elixido ao azar cunha frecuencia periódica.
– Tarefas individuais orais que contarán cun tempo de preparación previa (discursos) sobre un tema programado con antelación.
– Tarefas escritas e orais feitas na clase, moitas delas en parellas ou en grupo.
– Control das actividades que se deben realizar na casa ou na clase.

**Instrumentos:**

| Instrumentos | Peso |
|---|---|
| Proba escrita | 60 % |
| Tarefas escritas e orais na clase improvisadas, tanto individuais como de grupo. | 10 % |
| Tarefas individuais orais que conten cun tempo de preparación previa (discursos). | 20 % |
| Traballo na casa e na aula | 10 % |

***Proba escrita:*** A proba escrita consistirá un cuestionario sobre aspectos teórico-prácticos vistos na clase, puntuado sobre 6 puntos.

***Tarefa(s):*** En cada avaliación o alumnado deberá realizar dúas ou tres tarefas escritas e orais: traballos individuais, en parellas ou pequenos grupos, aínda que logo será preciso que cada un pronuncie o seu discurso de forma individual. As escritas serán recollidas ao termo da clase ou na sesión que corresponda cando a tarefa se prolongue durante máis de unha semana e as presentacións orais faranse durante a clase. Estas tarefas serán puntuadas con ata 3 puntos.

***Traballo na aula e na casa:***

Valorarase con 1 punto:

- O traballo diario na clase e participación.
- O respecto as quendas de intervención nas postas en común e nos debates.
- A colaboración nos traballos de grupo.
- A presentación e limpeza dos traballos.

Os exames e as sesións de avaliación para este curso 2022-2023 da ESO terán lugar nos días e horas determinados pola Xefatura de Estudos do centro.

### 2.1.6.2 Criterios de cualificación

**Criterios:**

- A nota final de cada avaliación será a suma dos catro instrumentos citados.
- As notas medias serán sempre obxecto de redondeo ao alza.
- Tras cada avaliación, para o alumnado que teña a materia suspensa, haberá *Actividades de recuperación* a realizar nunha data concretada e que servirán de recuperación da avaliación suspensa, téndose en conta para a media unha nota máxima de 5 puntos.
- A nota da avaliación final de xuño da materia será a media aritmética das tres avaliacións.
- A nota da avaliación final nunca será inferior á da terceira avaliación.
- O alumnado que, despois de realizada a terceira avaliación, obtivese unha cualificación igual ou superior a 5 na media aritmética das tres avaliacións, aprobará o curso. A súa cualificación será, como mínimo, 5, cualificación que poderá mellorar coa realización das actividades de afondamento que programará o departamento ata o 21 de xuño. O 10% da cualificación que obteña nestas actividades sumarase á media aritmética das tres avaliacións.
- O alumnado que, despois de realizada a terceira avaliación, non acadase polo menos

unha cualificación de 5 na media aritmética das tres avaliacións, deberá realizar as actividades de recuperación específicas deseñadas polo departamento para cada unha das avaliacións suspensas e que se desenvolverán antes do 21 de xuño.

As avaliacións suspensas, tanto se o alumnado acadou cualificación positiva nas actividades de recuperación realizadas ao longo do curso, antes da terceira avaliación, como se acada cualificación positiva nas actividades de recuperación ata o 21 de xuño, contarán para a media.

### 2.1.6.3 Criterios de avaliación

**Bloque 1. O discurso persuasivo**

B.1.1. Ler e comprender discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.

B.1.2. Escoitar e ver discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.

**Bloque 2. Elaboración do discurso persuasivo**

B2.1. Elaborar unha mensaxe breve e clara que funcione como núcleo do discurso.

B2.2. Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.

B2.3. Identificar e manexar fontes documentais.

B2.4. Obter e organizar a información para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.

B2.5. Seleccionar as ideas máis adecuadas e organizalas nunha estrutura ordenada e eficaz.

B2.6. Empregar recursos propios da argumentación.

B2.7. Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.

B2.8. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.

B2.9. Realizar o proceso de revisión do texto.

**Bloque 3. A presentación do discurso persuasivo**

B3.1. Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso a partir de secuencias pequenas ata dar co texto completo.

B3.2. Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.

B3.3. Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público.

B3.4. Controlar a conduta asociada ás emocións negativas ante situacións comunicativas con público.

B3.5. Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.

B3.6. Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.

B3.7. Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.

**Bloque 4. Oratoria, valores e educación emocional**

B4.1. Usar a oratoria como un instrumento ético para a construción ou aproximación colectiva á verdade.

B4.2. Elaborar textos para intervir en ámbitos de participación social, reais ou simulados, con respecto polas normas de convivencia e procurando a resolución pacífica dos conflitos.

B4.3. Desenvolver as relacións interpersoais e a propia personalidade grazas ao uso cívico da palabra.

### 2.1.7. Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

Para o curso 2022-2023 non hai alumnos con esta materia pendente. Para os alumnos que repitan curso, véxase o apartado seguinte.

### 2.1.8. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas

Atendendo á orde 8 de setembro 2021 (Atención á diversidade), para o alumnado que permaneza un ano mais no mesmo curso elaborarase polo equipo docente e baixo a coordinación do profesorado titor un plan especifico coa finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades da/o alumna/o para tratar de superar as dificultades detectadas. Realizarase un seguimento e os axustes pertinentes en cada avaliación e ao final de curso informarase na avaliación final sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

Durante os primeiros días de clase levarase a cabo unha proba de avaliación inicial cuxo obxectivo é comprobar a competencia lingüística do alumnado ao tempo que se poidan avaliar os coñecementos previos dos alumnos sobre o papel da oratoria na vida cotiá.

Se ben non é relevante que teñan coñecementos previos, é certo tamén que en moitas ocasións dá unha idea aproximada do interese que esta materia, nos seus distintos apartados, suscita no alumnado, ao tempo que como actividade nos permite avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica na expresión escrita.

Nas reunións de avaliación inicial programadas no centro trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora.

### 2.1.9. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha **atención educativa diferente á ordinaria**, (en base ao recollido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño) por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, **estableceranse as medidas curriculares e organizativas** necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Para o alumnado que o precise elaborarase a **adaptación curricular** en colaboración co Departamento de Orientación; o noso Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan.

Así mesmo, estableceranse as **medidas** oportunas para os alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización mais

idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento destes alumnos/as.

## 2.1.10. Elementos transversais

Esta materia de Oratoria incidirá e promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación desta materia de Oratoria debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, evitando sempre calquera comportamento sexista ou discriminación por razón da orientación sexual ao tempo que se debe favorecer en todo momento a visibilidade de todas as realidades.

**- Contribución ao Plan de Integración das TIC**

Nos grupos de 2º de ESO contamos coa posibilidade de traballar as novas tecnoloxías dentro da aula e de forma máis personalizada xa que cada alumno/a disporá dun ordenador portátil grazas ao Proxecto EDIXGAL, polo que o uso das TIC será unha constante ao longo do curso.
Algunhas actividades deseñadas para desenvolver esta competencia son:

1.- Busca de información utilizando as novas tecnoloxías: páxinas Web, artigos xornalísticos dixitais, blogs …

2.- Elaboración de traballos que recollen de forma organizada a información atopada nos distintos medios.

- **Contribución ao Proxecto Lector de Centro**

Dende hai varios cursos no PLC temos establecida unha actividade para todos os niveis da ESO: "A hora de ler", que consiste na lectura individual e libre durante o tempo e horas que vai indicando a responsable da biblioteca. O Departamento colabora nesta actividade en todos os cursos de 2º de ESO coa finalidade de fomentar a lectura e de propiciar o hábito lector do alumnado. Este curso non disporemos de bibliotecas de aula para evitar o intercambio de material entre o alumnado; ademais os protocolos de uso do material bibliográfico do centro condicionarán en gran medida o desenvolvemento desta actividade.

**- Actuacións no seo do Plano de Igualdade**

De acordo coa Instrución do 6 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación educativa para a elaboración de **Plans de Igualdade** no curso 2020-2021, este

Departamento de Grego determina, para a concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro, para a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e para a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, as seguintes accións:

- Busca de textos e personaxes femininos relacionados co ámbito da oratoria, da política, da arte...

| | | | |
|---|---|---|---|
| CL | Comprensión lectora | EMP | Emprendemento |
| EOE | Expresión oral e escrita | EC | Educación cívica |
| CA | Comunicación audiovisual | PV | Prevención da violencia |
| TIC | Tecnoloxías da información e da comunicación | EV | Educación e seguridade viaria |

## 2.1.10.1 1ª AVALIACIÓN

| **Bloque 1.- O discurso persuasivo** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB1.1.1. Identifica nos textos escritos os argumentos principais e a tese. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB1.1.2. Explica a intención do discurso. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB1.1.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas. CCL, CAA | X | X | | | | | | |
| ORB1.1.6. Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da mensaxe. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB1.2.1. Identifica nos textos orais os argumentos principais e a tese. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB1.2.2. Explica a intención persuasiva do discurso e exprésaa. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB1.2.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón. CCL, CAA | X | X | | | | | | |
| ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. CD | X | X | | | | | | |
| ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva. CCEC | X | X | | | | | | |

| **Bloque 2.- Elaboración de un discurso persuasivo** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB2.2.1. Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia. CSC | X | X | | | | | | |
| ORB4.2.1. Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios. CSC | X | X | | | | | | |

| Bloque 3.- A presentación do discurso persuasivo | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB1.1.4. Identifica as estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB3.1.1. Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto. CMCCT, CAA | X | X | | | | | | |
| ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio. CSC | | X | | | | | | |
| ORB3.4.1. Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición perante o público. CSIEE | X | X | | | | X | X | |
| ORB4.2.1. Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios. CSIEE | X | X | | | | | | |

| Bloque 4.- Oratoria, valores e educación emocional | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB4.3.2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas. CAA, CSIEE | X | X | | | | X | X | |
| ORB4.2.2. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos.CSC, CSIEE | X | X | | | | X | X | |
| ORB4.3.1. Recoñece a manifestación das súas habilidades intrapersoais a través do discurso. CSC | X | X | | | | X | X | |
| ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos. CSC, CSIEE | X | X | | | | X | X | |

### 2.1.10.2 2ª AVALIACIÓN

| Bloque 1.- O discurso persuasivo | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB2.1.1. Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso. CCL | X | X | | | | | | |

| Bloque 2.- Elaboración do discurso persuasivo | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB1.2.4. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB2.2.2. Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido.CCL, CSC | X | X | | | | | | |
| ORB2.3.1. Identifica as fontes das que pode obter información. CCL | X | X | | X | | | | |
| ORB2.3.2. Selecciona as fontes documentais máis acaídas e as súas propias vivencias paraextraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso. CCL | X | X | | X | | | | |
| ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. CCL | X | X | | X | | | | |
| ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual. CCL, CD, CMCCT | X | X | | | | | | |
| ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal. CMCCT, CAA | X | X | | | | | X | |
| ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. CD | X | X | | | | | | |
| ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual. CD, CAA | X | X | | | | | | |
| ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón. CAA | X | X | | | | | | |
| ORB4.1.2. Identifica as estrataxemas que terxiversan a información. CAA | X | X | | | | X | | |

| Bloque 3.- A presentación do discurso persuasivo | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB1.2.5. Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor expresivo. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB3.1.1. Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto. CCL, CAA | X | X | | | | | | |
| ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio. CCL, CAA | X | X | | | | | | |
| ORB3.4.2. Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas. CCL | X | X | | | | | X | |
| ORB3.5.1. Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB3.5.2. Emprega con especial coidado o ritmo de elocución natural de xeito que permita seguir a exposición con facilidade. CCL, CAA | X | X | | | | | | |
| ORB3.5.3. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso. CCL, CAA | X | X | | | | | | |
| ORB3.6.1. Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, | X | X | | | | | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados. CCL, CAA | | | | | | | | |
| ORB3.6.2. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade. CAA | X | X | | | | | | |

| **Bloque 4.- Oratoria, valores e educación emocional** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB4.1.1. Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razoamento alleo. CAA | X | X | | | | | | |
| ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos. CAA | X | X | | | | | | |

### 2.1.10.3 3ª AVALIACIÓN

| **Bloque 1.- O discurso persuasivo** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB1.1.6. Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da mensaxe. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. CCL | X | X | | | | | | |

| **Bloque 2.- Elaboración do discurso persuasivo** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB1.2.5. Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor expresivo. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual. CCL | X | X | | X | | | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal. CCL, CAA | X | X | | | | X | X | |
| ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso. CCL, CAA | X | X | | | | | | |
| ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística. CCL, CAA | X | X | | | | | | |
| ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva. CCL, CAA | X | X | | | | | | |
| ORB2.9.1. Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e da coavaliación. CCL, CAA | X | X | | | | | | |

| **Bloque 3.- A presentación do discurso persuasivo** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB2.9.2. Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica. CCL, CD, CAA | X | X | | X | | | | |
| ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais. CCL, CD, CAA, CCEC | X | X | | X | | | | |

| **Bloque 4.- Oratoria, valores e educación emocional** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe avaliables** | **Elementos transversais** | | | | | | | |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |
| ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio. CCL | X | X | | | | | | |
| ORB3.4.2. Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas. CCL | X | X | | | | X | X | |
| ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos. CSC, CSIEE | X | X | | | | X | X | |
| ORB4.3.2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas. CSIEE | X | X | | | | X | X | |

### 2.1.11. Actividades complementarias e extraescolares

Participación na actividade **“PLENOS ESCOLARES: incorporándonos á participación”** organizada polo Concello de Narón, previsiblemente durante o primeiro e segundo trimestres.

### 2.1.12. Acreditación de coñecementos previos

Non se requiren.

## 3.- Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente. Avaliación da programación

Avalíase a través do documento MD75010104 *Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente* que todos os membros do Departamento cobren e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores e nas CCP. Nel establécense os criterios de análise e os indicadores de logro.

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES As Telleiras para avaliar a programación son os seguintes:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Os indicadores de logro para estes aspectos fan referencia ao éxito académico acadado polo alumnado (porcentaxe de aprobados). Establécese na ESO un mínimo do 75% e en BACHARELATO un 50%. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

# 4.- Información ás familias

Co obxecto de facilitar o coñecemento das Programacións Didácticas, elaboradas por cada un dos Departamentos do IES As Telleiras, ao conxunto da comunidade educativa e en particular ao alumnado e ás súas familias, o centro pon a disposición da mesma as seguintes opcións:

1. Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), todas as Programacións dos Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa titoría legal na Secretaría do Centro.

2. Asemade todas as programacións son publicadas na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente: http://www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras/

Cada departamento realiza unha presentación de materia na que se recollen os aspectos máis destacados da programación tales como os contidos temporalizados por avaliacións así como os materiais e instrumentos de avaliación por nivel e materia. Estas follas de presentación de materia son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente.

Narón, 18 de setembro de 2022

Asdo. Elba Granado Sánchez
Xefa do Dpto. de Grego